

**CONCELLO DE MEIRA**

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

**BANDO****AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DE ELECTRODOMÉSTICOS**

O luns día 29 de marzo saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia sobre as axudas para a renovación de electrodomésticos.

**ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA AXUDA**

Na seguinte táboa establécese a axuda máxima por electrodoméstico en función da súa tipoloxía:

Electrodomésticos subvencionables	Axuda máxima (€/electrodoméstico)		
	Consumidor xeral	Consumidor vulnerable	Consumidor vulnerable severo
Frigorífico e frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Conxelador con clasificación enerxética A, B, C ou D	150	300	450
Lavadora A, B ou C	100	200	300
Lavalouza A, B ou C	100	200	300
Placa de indución total (soamente tecnoloxía de indución)	100	200	300

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25 % do prezo do electrodoméstico para un consumidor xeral, do 50 % para consumidores vulnerables e do 75 % para consumidores vulnerables severos.

**PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o **20 de abril de 2021 ás 9.00 horas e rematará o 30 de setembro de 2021 ou cando se esgoten os fondos**. As solicitudes de axudas serán presentadas directamente por aquelas entidades ou empresas que se adhiran a esta convocatoria de axudas (entidades colaboradoras). Na páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)) estará dispoñible unha listaxe de entidades colaboradoras adheridas a esta convocatoria de axudas.

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución e rematará o 30 de xuño de 2021.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 07 de abril de 2021.

O Alcalde,



Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.